



O 8 de marzo non é un día para felicitar, non é un día para celebrar o logrado senón para recordar o que custou conseguilo. É un día para reivindicar e honrar a aquelas mulleres, que ante toda norma e impedimento, decidiron alzar a súa voz para intentar conseguir un mellor futuro, tanto para elas como para as que chegamos despois.

Durante moito tempo, o único destino da muller foi casar e ter descendencia. A súa única oficina eran as catro paredes da casa e o seu deber, a obediencia. Moitas mulleres tiveron que loitar durante décadas para mudar esa situación, para abrírnos as portas das aulas, das fábricas, dos parlamentos. E tiveron que facelo aos poucos, paso a paso, saltando obstáculos e refacendo o camiño cada vez que alguén botaba atrás un dos dereitos logrados.

Grazas ao seu esforzo, nos últimos anos moita xente di que xa non hai diferenzas entre homes e mulleres, que non hai leis que poñan a muller en inferioridade respecto ao home, e que de feito, estase a poñer a muller en prioridade. Pero unha cousa é que as leis recollan a igualdade de palabra e outra moi distinta que a acadamos no día a día. Porque a igualdade non se mide só polas leis, senón tamén por aquelas cousas das que ninguén fala ou que temos normalizadas. Por exemplo; se un pai leva ao seu fillo a xogar ao parque, automaticamente é un pai increíble, pola contra, se o fai a nai ninguén se pronuncia xa que se entende que ese é o seu traballo. Ninguén fala da carga invisible dos coidados que maioritariamente seguen correndo a nosa conta, ninguén fala da presión estética e da esixencia que temos de demostrar máis para ser valoradas por igual. Cando iso mude poderemos falar de igualdade.

Mentres, cada 8 de marzo admitimos que si, avanzamos e moito. Pero iso non quita que o que hoxe vemos normal, como casar con quen queiramos, vestir o que queiramos ou estudar o que queiramos, levou moito traballo, tempo e ate vidas. E aínda que avanzamos moito, quedan importantes retos que conseguir. As mulleres



aínda somos minoría nos centros de poder e nas direccións de empresas, malia obter os mellores expedientes académicos. Aínda dedicamos máis tempo ás tarefas do fogar que os nosos compañeiros varóns, aínda se xulga a nosa sexualidade dun xeito que eles non padecen. Aínda queda moito por avanzar e, por iso, non podemos retroceder nin un chisco. Porque as mulleres xa saímos da casa e non queremos volver, volver pedir permiso, volver calar ante as inxustizas, volver renunciar aos soños para vivir os que a sociedade ten preparados para nós, e isto non é querer estar por enriba do home nin ser radical, é simplemente, querer a igualdade.

Unha igualdade que non é só boa para nós, que é boa para os nosos compañeiros varóns, e é boa para o mundo porque sen as mulleres o mundo para. Somos imprescindíbeis e, sobre todo, non somos invisibles. Estamos aquí e aquí imos ficar. Cada marzo, cada abril, cada día. Sen dar un paso atrás.

Moitas grazas.

Autoras:

Sara Asdih Ouerdi e Analía Estévez González
1º bacharelato- Frei Martín Sarmiento
Consello Municipal da Muller Nova